



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 28 DE XUÑO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:38 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 26/04/2018 e 31/05/2018, o concelleiro D. Luís Rico Verea manifesta que no punto 5 da acta de 26/04/2018 non se fixo constar que el se abstivo. Os Sres/Sras. Concelleiros/as acordan aprobar por unanimidade as actas coa rectificación sinalada.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL POLO QUE SE COMUNICA A ASIGNACIÓN DO FINANCIAMENTO PARA A TRABALLADORA SOCIAL

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social, rexistro de entrada neste concello co número 1183 en data 04/06/2018, no que se comunica que se lle asignou a este concello un financiamento para o concepto traballadora social pola contía de 16.815,00 €, tramitouse un anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2017 para este concepto, segundo os datos que se reflectan na seguinte táboa:

Corporación Local	Nº traballadores sociais	Financiamento básico asignado en 2017	Anticipo 2017 (50%)
Concello de Boimorto	1	16.815,00 €	8.407,50 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.2.- ESCRITO DO SERVIZO DE EMERXENCIAS COMUNICANDO QUE O CONCELLO DE BOIMORTO NON ESTÁ OBRIGADO A ELABORAR O PLAN DE EMERXENCIA DE ÁMBITO MUNICIPAL

Pola secretaria dáse conta do escrito do xefe de servizo de emerxencias da Xunta de Galicia, xefatura territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas Xustiza, rexistro de entrada neste concello co número 1285 en data 13/06/2018, no que comunica que de acordo co indicado no FEIFOGA (Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais de Galicia), o concello de Boimorto NON ESTÁ OBRIGADO a elaborar o PAM de INCENDIOS FORESTAIS ao non chegar aos niveis de risco definidos no dito plan para a súa esixencia. No escrito de data 16/05/2018 indicábase que o concello tiña obriga de redactar o Plan de actuación municipal (PAM), escrito que se dou conta na sesión anterior da Xunta de Goberno Local celebrada o 31 de maio de 2018.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- ESCRITO DA DIRECTORA DA AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLÓXICA DE GALICIA INFORMANDO SOBRE O PROGRAMA DE EXTENSIÓN DA BANDA LARGA DE NOVA XENERACIÓN.

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1468 en data 21/06/2018, informando de que a Xunta de Galicia, co Plan de Banda Larga 2020, e a Administración Xeral do Estado, co Programa de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración, están a promover de xeito complementario despregamentos de redes ultrarrápidas de acceso a internet no territorio gallego.

Neste Concello beneficiárase o núcleo de Boimil e están en curso actuacións nas entidades de Arceo e Boimorto.

Para calquera información adicional, pódese poñer en contacto coa Oficina do Plan de Banda Larga a través da dirección de correo electrónico oficina.bandalarga@xunta.gal ou chamando ao 981 95 78 68

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL INFORMANDO SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, rexistro de entrada no concello co número 1503 en data 22/06/2018, no que informa que nos vindeiros días publicarase no Diario Oficial de Galicia a resolución de modificación das bases reguladoras das axudas do Plan de Mellora de camiños municipais 2018-2019.

Concretamente modifícanse os artigos 12 e 13.

“Artigo 12. Xustificación dos investimentos

1. O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2018 será o **15 de novembro de 2018**. O prazo final de xustificación será o 3 de xuño de 2019”

“Artigo 13. Réxime de pagamentos.

(...)

- A data límite para solicitar o pagamento anticipado será o **17 de setembro de 2018**.

- O importe máximo do pagamento anticipado será de ata un 50% da subvención concedida, sen que supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- *A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada*".

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 4 DE DECEMBRO DE 2017 PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola directora xeral de Administración Local, rexistro de entrada no concello co número 1550 en data 27/06/2018, pola que se resolve a concesión de subvención para o proxecto denominado Reforma do pavimento dos viais municipais en Horros/Quintás-O Souto/O Cruceiro, por importe de 30.000,00 €. Esta axuda representa o 60,00% sobre o orzamento elixible do proxecto de 50.000,00 € (IVE incluído).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DAS OBRAS PREVISTAS NO DOCUMENTO TITULADO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO TAMBRE NO LÍMITE MUNICIPAL ENTRE MESÍA E BOIMORTO (PONTE BOADO).

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada da Dirección de Augas de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1563 en data 27/06/2018, pola que se resolve denegar ao Concello de Mesía as obras previstas no documento titulado "Proxecto de ampliación da ponte sobre o río Tambre no límite municipal entre Mesía e Boimorto (Ponte Boado), datado en setembro de 2017, con afección ao río Tambre, nos tt.mm. de Mesía e Boimorto.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA CONDICIÓN E SE APROBA DEFINITIVAMENTE O INVESTIMENTO DO CONCELLO DE BOIMORTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 1186 en data 04/06/2018, pola que se resolve considerar cumprida a condición á que foi sometido e aprobar definitivamente o seguinte investimento do Concello de Boimorto incluído no POS+ 2017, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento:

Concello	Denominación investimento	Deputación	Total	Condición cumprida
BOIMORTO	Nova sala convivencia miniresidencia Boimorto	115.337,80	115.337,80	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Autorización da Consellería de Traballo e Benestar

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO-DEPORTIVO, DURANTE O ANO 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1185 en data 04/06/2018, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 20/01/2017 (Técnico deportivo).

O importe que se vai aboar é de 7.500,00 € (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.9.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA RELATIVO Á APROBACIÓN DO PLAN ADICIONAL 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1184, no que comunica que o pleno da Deputación do 25.05.2018 ven de aprobar o “Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 – Plan Adicional – 1ª fase”, e que este concello ten incluído a seguinte actuación:

Concello	Actuación	Pspto	Achega concello	Achega Deputación	Total solicitado	Asignación por economías	Total asignado e solicitado
Boimorto	Suministro desbrozadora	6.999,85	4.785,42	2.214,43	2.214,43	2.214,43	0,00

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública dende a inserción no BOP sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.

Tal como se recolle a addenda as bases, o prazo de xustificación das actuacións incluídas no Plan Adicional rematará o día 31.10.2018, ás 14 horas, no que o concello deberá ter contratada, executada e xustificada a actuación adicional, sen prexuízo da posibilidade de solicitar unha prórroga mediante petición razoada.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.10.- CIRCULAR COMPLEMENTARIA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE ELABORACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1207 en data 06/06/2018, comunicando o importe definitivo que lle corresponde a este concello no POS+ Adicional 1/2018 de 129.615,53 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.11.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN SOBRE A RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDE DE OFICIO UNHA SEGUNDA PRÓRROGA DO PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE TODOS OS INVESTIMENTOS PENDENTES DE ADXUDICAR INCLUÍDOS NO POS+ 2017 (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado do servizo de xestión de plans da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1255 en data 12/06/2018, comunicando que por Resolución da Presidencia número 2018/20257 con data 08/06/2018 concedeuse unha segunda prórroga do prazo de adxudicación ata o 30 de novembro de 2018 a todos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

os concellos con investimentos pendentes de adjudicar incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 2017), Plan único de concellos.

Tamén sinala que no suposto de que este concello teña adjudicado algún investimento, solicítase que se realice unha das seguintes actuacións:

.- No caso de ter adjudicado algún investimento e se dispoña de toda a documentación xustificativa de adjudicación requerida na plataforma SUBTEL, deberase subir e presentar.

.- No caso de ter adjudicado algún investimento pero non conte con toda a documentación xustificativa da dita adjudicación, deberase subir a documentación da que se dispoña e deixala pendente de presentación na plataforma e presentala posteriormente, logo de que se complete toda documentación requerida.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.12.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO ANO 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1328 en data 18/06/2018, na que se aproba o pagamento do 50,00% do importe da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP 241, do 21/12/2017 (Mantemento persoal técnico deportivo ano 2018).

Importe da subvención: 14.240,00 €uros.

Coefficiente de financiamento: 0,8000

Importe que se ha xustificar: 17.800,00 €uros

Importe do anticipo que se vai a aboar: 7.120,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.13.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. INFORMANDO SOBRE A XESTIÓN DE SUBMINISTROS EVENTUAIS DE CORTA DURACIÓN

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por Unión Fenosa Distribución, S.A. presentado no rexistro telemático do concello con rexistro de entrada número 201899900000017 en data 20/06/2018, comunicando que nos procesos de contratación de subministros eventuais e en cumprimento coa normativa vixente no Sector Eléctrico así como a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e a Instrucción 2/2018, de 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión atenderá cada unha das solicitudes a través das peticións que lle cheguen das comercializadoras. Para iso será necesaria a apertura dun expediente de Provisión de Servizo (a través do teléfono 900 111 444) pola potencia solicitada para determinar as condicións en que se poderá atender dita petición.

Unha vez que o cliente formalizase o contrato de subministro de enerxía eléctrica coa súa comercializadora, UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. resolverá a solicitude de acceso as súas redes e a conexión do punto de subministro no prazo máximo de 2 días hábiles dende a recepción de dita petición, sempre e cando se cumpran os requisitos técnicos e administrativo esixibles de acordo coa lexislación autonómica anteriormente citada.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO ÁREA RECREATIVA DO CAMPO DE FÚTBOL OS DÍAS 7 E 8 DE XULLO DE 2018 Á AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA SANTIAGUIÑOS



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta da solicitude con rexistro de entrada nº 1275 de data 12/06/2018 presentada por Dna. María Carmen Barreiro Nouche con DNI 76515000A, actuando en calidade de representante da Agrupación folclórica Santiaguíños CIF G15223936, solicitando o uso da área recreativa do campo de fútbol, os baños, duchas (as que teñen acceso dende o exterior) e local da cafetería para celebración da duodécima terceira edición da Conrobla o vindeiro día 7 de xullo e o III Festival de Sabores e Saberes o día 8 de xullo, así como a disponibilidad das mesas e cadeiras propiedade do concello, tendo previsto a organización a realización dunha pequena fogata a noite do día 7 de xullo.

En aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado 1372/1986 do 13 de xullo e de conformidade co disposto no artigo 37.1 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2102, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a Dna. María Carmen Barreiro Nouche con DNI 76515000A, o uso común especial da área recreativa do campo de fútbol, os baños, duchas (as que teñen acceso dende o exterior) o local da cafetería así como a disponibilidad de mesas e cadeiras propiedade do concello para celebración da duodécima terceira edición da Conrobla o día 7 de xullo e o 8 de xullo o 3º Festival de Sabores e Saberes, debendo de responsabilizarse do bo uso e limpeza das instalacións e material cedido, sen privar do uso da mesma aos demais os días 7 e 8 de xullo de 2018, condicionando a autorización a:

1º.- Comprometerse a cumprir as condicións de seguridade e prevención determinadas por este Concello á hora de realizar o lume que se adxunta como anexo á notificación.

2º.- Os autorizados, ao rematar as actividades, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

3º.- O concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da Conrobla e o Festival de Sabores e Saberes.

SEGUNDO.- Non incluír neste permiso o uso da piscina municipal máis que nas horas establecidas para a súa apertura ao público.

TERCEIRO.- Condicionar esta autorización a asunción da total responsabilidade por parte de Dna. María Carmen Barreiro Nouche que ao rematar a celebración, deberá deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma; asumindo todas as responsabilidades derivadas da lexislación vixente a solicitante, non sendo promotor nin organizador desta reunión o Concello de Boimorto e indicar que o Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione derivado da festa.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos e ao Distrito Forestal III de Ordes para o seu coñecemento.

4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 20 E 21 DE XULLO O GRUPO SCOUT SAN ESTANISLAO DE KOSTKA DE MÁLAGA

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por D. Roberto Nuevo Sánchez, representante legal da Asociación diocesana de esculatismo de Málaga, con rexistro de entrada neste Concello co número 1280 en data 13/06/2018, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal o grupo scout San Estanislao de Kostka de Málaga, con motivo dunha peregrinaxe a



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Santiago de Compostela, divididos en dos grupos, por idades, a noite do día 20 de xullo cun grupo de 37 persoas e a noite do día 21 de xullo cun grupo de 61 persoas.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria "pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia", a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Roberto Nuevo Sánchez, representante legal da Asociación diocesana de escultismo de Málaga, para pernoctar no polideportivo municipal o grupo scout San Estanislao de Kostka de Málaga, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela, a noite do día 20 de xullo cun grupo de 37 persoas e a noite do día 21 de xullo cun grupo de 61 persoas.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de DOUSCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS (294,00 €), que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

5.- SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MOBILIDADE REDUCIDA PARA ROSALIA AGRA CARREIRA 1/2018

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida, presentada con entrada no concello co número 1137 en data 31/05/2018, por D. Luís Vázquez Agra en representación de Dna. Rosalia Agra Carreira con DNI 76498346R, con grao de minusvalía do 71%.

Visto informe da traballadora social de data 01/06/2018, e comprobado que se cumprin os requisitos legais para expedición de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor da veciña deste concello, Rosalía Agra Carreira con DNI 76498346R, con grao de minusvalía do 71%.

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de taxa 6 €.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

6.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS CON MOTIVO DAS ACTIVIDADES DE VERÁN 2018

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada no BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento de prezo público con motivo das actividades de verán 2017 redactadas en data 20/06/2018 polo animador deportivo e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<Bases para a convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo das actividades de verán 2018 polo técnico deportivo e a técnica de cultura e que a continuación se reproducen literalmente:

1.- Obxeto.

O obxecto destas bases é o establecemento dos prezos públicos das actividades deportivas que serán realizadas neste Concello no verán de 2018.

CURSO NATACIÓN APRENDE A NADAR 1:

Destinado a nenos/as que non saben nadar.

Horario: 13:00 - 13:45h de luns a xoves.

Prezo: 8€uros por mes + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 0,50€/diario para uso da piscina.

CURSO NATACIÓN APRENDE A NADAR 2:

Destinado a nenos/as que xa saben aguantarse sen material auxiliar (manguitos, churros...).

Horario: 13:45 - 14:30h de luns a xoves.

Prezo: 8€uros por mes + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 0,50€/diario para uso da piscina.

ESCOLA DE NATACIÓN ADULTOS:

Dirixido para persoas a partir de 18 anos.

Horario: 12:15 - 13:00 de luns a xoves.

Prezo: 15€uros por mes + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 1€/diario para uso da piscina.

AQUAGYM:

Dirixido a persoas a partir de 16 anos. É unha actividade que consiste en exercicios físicos a piscina orientados a favorecer a corrección postural, circulación sanguínea, relaxación e mellorar a condición física xeral. Recomendable para calquera persoa xa que é unha modalidade divertida e sinxela de facer deporte, diminuíndo o impacto nas articulacións.

Horario: luns e mércores de 14:45 - 15:30.

Prezo: gratuíto motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 1€/diario para uso da piscina.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

GAP

Actividade físico-deportiva con exercicios específicos para traballo de **Glúteos, Abdominais e Pernas**. Comezase sempre cun quencemento xeral e rematarase a clase con estiramientos musculares. A partir de 13 anos.

Horario: martes de 21:00 a 21:45.

Duración: do 3 de xullo ó 31 de xullo e do 4 ó 25 de setembro.

Lugar: pavillón municipal.

Inscrición: nas oficinas do concello ata o 30 de xuño chamando por teléfono ó 981 51 60 20.

Prezo: gratuíto para os que posúan o carné de actividades municipais e o resto 10€ mensuais.

Mínimo 10 inscritos para que a actividade se realice

Pilates:

Sistema de adestramento físico e mental baseado en exercicios posturais e correctivos, no que o centro do corpo sitúase no abdome, de aí que estea moi indicado para os que padecen de problemas de costas. A partir de 13 anos.

EMPRAZAMENTOS, HORARIOS E DEMAIS DATOS

Horario: xoves de 21:00 a 21:45.

Duración: do 5 de xullo ó 26 de xullo e do 6 ó 27 de setembro.

Lugar: pavillón municipal.

Inscrición: nas oficinas do concello ata o 5 de xullo chamando por teléfono ó 981 51 60 20.

Prezo: gratuíto para os que posúan o carné de actividades municipais e o resto 10€.

Mínimo 10 inscritos para que a actividade se realice.

Ruta Sendeirismo Goza do Ulla: Ulloando polo nacemento (Antas de Ulla)

Saída dende a Ponte Merce ata o antigo balneario de Frádegas, visitando alí a fonte de augas sulfurosas, e xantaremos ao carón do río. Xa de volta iremos ata Santa Mariña, onde visitaremos o patrimonio histórico do lugar.

Distancia: 12 kms.

Dificultade: baixa.

Data: domingo 1 de xullo.

Fin inscrición: mércores 27 de xuño, chamando ó teléfono 981 51 60 20.

Saída: ás 9:00 do colexio de Boimorto e terá que haber un **mínimo de 10 inscritos para que a saída se realice**. Irase en coches particulares.

IV Torneo de Bádminton

Bases:

Datas: do 19 ó 22 de xullo.

4 Categorías: Infantil nen@s de 6 ata 13 anos cumpridos o día do inicio do torneo. Senior feminino a partir de 14 anos. Senior masculino a partir de 14 anos. Parellas mixtas.

Agasallo: todos os participantes recibirán unha camiseta técnica conmemorativa e a inscrición é totalmente gratuíta motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades.

Premios: haberá medallas do 1º ó 4º clasificado en cada categoría.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Sistema de competición: haberá unha primeira fase tipo liguilla todos contra todos ou no caso de moitos participantes grupos, e despois cruces entre os primeiros clasificados. Na primeira fase, os partidos serán a un único set a 30 puntos con cambio de lado ós 15 puntos. Na segunda fase, os partidos serán ó mellor de 3 sets a 21 puntos cada set.

A organización resérvase o dereito a modificar este sistema de competición adaptándoo o mellor posible en función sempre do número de participantes.

Inscrición: é gratuíta motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades e poderase realizar a partir do 2 de xullo chamando ó teléfono 981 51 60 20.

Máis información chamando ó teléfono: 645980135.

II Torneo de Pádel

Bases:

Datas: do 24 ó 26 de agosto.

2 Categorías: Infantil nen@s ata 13 anos cumpridos o día do inicio do torneo e Senior a partir de 14 anos.

Agasallo: todos os partiantes recibirán unha camiseta técnica conmemorativa e a inscrición é totalmente gratuíta motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades.

Premios: haberá trofeos do 1º ó 4º clasificado en cada categoría.

Sistema de competición: haberá unha primeira fase tipo liguilla todos contra todos ou no caso de moitos participantes grupos, e despois cruces entre os primeiros clasificados. Na primeira fase os partidos serán a un único set gañando o que antes consiga 6 xogos. Nos partidos de cruces tamén serán a un único set, pero o gañador terá que lograr 8 ou 9 xogos. Os partidos de semifinais, 3º-4º posto e a final xogaranse ó mellor de 3 sets a 6 xogos cada un deles. En caso de empate a xogos, sempre se xogará o tie-break.

A organización resérvase o dereito a modificar este sistema de competición adaptándoo o mellor posible en función sempre do número de participantes.

Garántese un mínimo de 2 partidos a todas as parellas participantes.

Crearase un grupo de whatsapp para cada categoría no que se irá informando dos resultados e posibles horarios de cada partido.

As parellas deberán estar polo menos 15´antes do inicio do seu partido.

O tempo máximo de espera por unha parella para o inicio do seu partido serán 5 minutos, se transcorrido ese tempo, a parella segue sen comparecer, daráselle o partido por perdido.

Inscrición: é gratuíta motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades e poderase realizar a partir do 30 de xullo chamando ó teléfono 981 51 60 20.

Máis información chamando ó teléfono: 645980135.

Campamento Urbano de verán .

Un programa de actividades variadas que combina propostas lúdicas, culturais e educativas relacionadas por un nexa común como son as olimpíadas. Todas as actividades que se realizan en exterior teñen unha alternativa por se o tempo non acompaña. Este proxecto está destinado a rapaces e rapazas nados entre o 2016 e 2014. O programa desenvolverase durante todo o mes de xullo ata o 10 de agosto, de luns a venres laborais cun horario de 10:00 ás 14:00 horas. As actividades levaranse a cabo na Área da Piscina Municipal de Boimorto e no núcleo urbano de Boimorto.

Horario: 10:00 a 14:00 del luns a venres.

Na piscina ou polideportivo de Boimorto.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Estar en posesión do carné de actividades municipais.

De acordo co a Resolución do 29 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ó Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018 (SI435B, SI435A, SI427B).

(DOG núm. 15 do 22/01/2018)

Obxecto: Esta convocatoria ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local en Galicia, co obxecto de favorecer a igualdade de oportunidades e do trato no territorio e a erradicación da violencia de xénero; a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, así como para impulsar o funcionamento e a consolidación dos servizos de atención integral de información e asesoramento no territorio, a fin de prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Medida solicitada: Programa de Fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (SI435B).

Denominación da medida ou programa de conciliación: Actividades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o período vacacional de verán e no Nadal.

(No Nadal realizouse o campamento a "Maxia do Nadal" e no Nadal está previsto o campamento "Un verán de cine").

Persoas participantes

O número previsto de participantes en ningún caso poderá ser inferior a dez.

Unidades familiares empadroadas no Concello de Boimorto con preferencia aquelas con problemáticas asociadas á conciliación. Terase en conta o nivel de renda da unidade familiar e darase prioridade ás persoas participantes con menos ingresos " Na selección terase en conta o nivel de renda da unidade familiar e deberase dar prioridade ás persoas participantes con menos ingresos. En todo caso, a efectos desta axuda, só se terán en conta as persoas participantes con menos ingresos non superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2017 (IPREM), límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monoparentais ou de familias numerosas" (art. 6.2).

Desglose dos custos directos de persoal (art.9.1.a) solicitados

Persoal contratado para o desenvolvemento da actividade:

A) Campamento de Nadal "A maxia do Nadal"

- 1 coordinador xeral do campamento: 310,00 €
- 2 monitoras: 740,00 €

Factura pagada: 1.050,00 €

B) Campamento de verán "Un verán de cine"

- 1 coordinador xeral do campamento
- 2 monitoras

Cuantía da subvención solicitada: 11.475,35 € (Decreto núm. 15 do 22/01/2018)

"Só serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de outubro de 2017 e ata o 30 de setembro de 2018"

A cantía máxima da axuda será de 12.000 €, cando se trate dunha solicitude individual."

Participantes: preferencia sempre os empadroados no concello.

Transporte: os participantes empadroados no concello poderán facer uso do bus do concello que ven ó centro de maiores (casos xustificados), exceptuando na parroquia de Boimorto e fora do



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Concello.

No mes de agosto, o servizo de transporte prestarase para mínimo 15 participantes.

Servizo de madrugadores: aqueles casos debidamente xustificados, para conciliación da vida laboral e familiar, poderán deixar os nenos/as entre as 09:00 a 10:00 no Centro Social Municipal de Maiores (mínimo 5 persoas solicitantes)

Campamento Deportivo "Orienta2"

Realizarase na área recreativa da piscina municipal con tendas de campaña. Teremos xogos, veladas nocturnas, concursos, xogos deportivos, actividades na piscina, xogos tradicionais, xogos de orientación e pistas,...

Duración: do 16 de xullo ás 16:00h ata o 20 de xullo ás 12:00h.

Lugar: Área da Piscina Municipal.

Prezo: 40 €uros por participante + carné de actividades municipais.

Inscrición: do 2 ata o 11 de xullo nas oficinas do Concello cubrindo a solicitude.

Participantes: deberán estar censados no concello e terá que haber polo menos 15 inscritos para que se realice a actividade.

Deberán traer: roupa deportiva como suadoiro, pantalóns curtos, camisetas, calcetíns, zapatillas de deporte, chanclas para a ducha e piscina, traxe de baño, toallas de aseo e piscina, xabón, peite, cepillo, pasta de dentes, colonia e/ou desodorizante, saco de durmir, lanterna, tenda de campaña, prato, vaso, culler, coitelo, tenedor, crema protectora solar, roupa de abrigo para as noites.

- Saídas ao Aquapark de Cerceda

Saídas ás 11:30 e volta sobre ás 19:30 h no Campo do Rosario. Levar comida da casa así coma crema protectora e viseira/gorro.

Idade: sen límite, por orde de inscrición. Terán preferencia as persoas empadroadas.

Como mínimo deberá haber 32 inscritos, máximo 50.

Data: 10 de xullo e 28 de agosto

FIN INSCRICIÓN: ata o venres antes á data de saída.

Prezo: 10€/participante

Requisito: estar en posesión do carné de actividades deportivas municipais.

- Saídas á praia 12 e 19 de xullo e 30 de agosto, sairemos á praia desde o Centro de Maiores ás 15:00 h.

Deberanse anotar no concello, ou ben, chamando ao 981 51 60 20.

Haberá un número limitado de prazas (25) e irán por orde de inscrición; mínimo 20 persoas inscritas.

Prezo: gratuíto.

Requisito: estar en posesión do carné de actividades deportivas municipais.

Semana Cultural

21 de xullo: A Casa encantada de Alí 18:00 Piscina municipal (contacontos contado, cantado e pintado) público infantil

23 de xullo: actuación no Campo do Rosario- Música máxica (Percorrido máxico inspirado no maravilhoso mundo de Disney) 20:00 - Campo do Rosario (se fai mal tempo na Casa da Cultura)

25 de xullo: festa do nen@ con inchables, festa escuma, música... no Campo do Rosario de 17:00 a 20:00 (se fai mal tempo no Polideportivo)

26 de xullo: actuación no Campo do Rosario - Musicreques (monicreques e música). As 20:00 (se fai mal tempo na Casa da Cultura)

27 de xullo: actuación no Campo do Rosario - Kenneth Ilusionist maxia. As 20:00 (se fai mal tempo na Casa da Cultura)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

3 de agosto: festa acuática na piscina con inchables de 16:30 a 19:30 (se fai mal tempo aprazarase para o venres 10 de agosto)

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

3.- Contía

- Curso natación Aprende a nadar 1: 8€uros por mes + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 0,50€/diario para uso da piscina.
- Curso natación Aprende a nadar 2: 8€uros por mes + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 0,50€/diario para uso da piscina.
- Escola de natación adultos: 15€uros por mes + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 1€/diario para uso da piscina.
- Aquagym: gratuíto motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades + acceso á piscina con carné actividades municipais, de non contar con carné deberá aboar 1€/diario para uso da piscina.
- **GAP**: gratuíto para os que posúan o carné de actividades municipais e o resto 10€ mensuais.
- Pilates: gratuíto para os que posúan o carné de actividades municipais e o resto 10€ mensuais.
- IV Torneo de Bádminton: é gratuíto motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades.
- II Torneo de Pádel: é gratuíto motivado en razóns de interese público co fin de promover e difundir certas actividades.
- Campamentos urbano de verán: estar en posesión do carné de actividades municipais.
- Campamento Deportivo "Orienta2": 40 €uros por participante + carné de actividades municipais.
- Saídas ao Aquapark de Cerceda: 10€/persoa
- Saídas a praia todos os mércores do mes de xullo: gratuíto

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas nin bonificacións nin exencións.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades efectuarase do seguinte modo:

